

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 10 de marzo de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Iglesias Carrera
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro

NON ASISTEN:

D^a. Lucia Molares Pérez
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e vinte minutos do día dez de marzo de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(160).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia deste asunto.

2(161).- PROPOSTA DE XESTIÓN TEMPORAL MUNICIPAL DO SERVIZO DE MERCADO NO MERCADO DO PROGRESO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, de data 10.03.06, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido de las Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Decreto de 17 de junio de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais (RSCL).*

ANTECEDENTES:

En data 9 de marzo de 2006, a empresa Unión Fenosa procedeu ó corte do subministro eléctrico ó Mercado do Progreso ante a falla de pago do mesmo por parte da empresa concesionaria do mercado.

En data 10 de marzo de 2006 recibíuse notificación por parte da empresa Aqualia, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga do termo municipal de Vigo, de que tras requerir á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo o aboamento das cuotas de subministro pendentes con apercebemento de corte do mesmo, procederon a emitir orde de corte de subministro ó Mercado do Progreso, a cal farase efectiva nas próximas horas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 30 de novembro de 1993, acordou alterar a forma de xestión dos Mercados Municipais do Berbés, Bouzas, Calvario, Progreso, Travesas e Teis, prestándose o servizo no sucesivo mediante concesión administrativa, aprobando o prego de condicións que rexiría a concesión da xestión e explotación.

Segundo.- O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 31 de marzo de 2003, acordou adxudicar á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo a concesión da xestión do servizo do Mercado do Progreso de Vigo por un prazo de 25 anos, e un canon de 72,12 euros, de acordo co prego de condicións aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993 e a oferta presentada, formalizándose o contrato en documento administrativo en agosto de 2004.

Terceiro.- O servizo de mercado é un dos servizos públicos que deben prestar obrigatoriamente os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes (artigo 26.1.b LBRL).

Cuarto.- O Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais establece no súa cláusula IV.1.d) que o concesionario estará obrigado a contratación e pagamento das subministracións por auga, saneamento e electricidade das superficies, locais e instalacións que non sexan de utilización exclusiva dos titulares dos postos individuais.

Quinto.- As corporacións concedentes están facultadas para asumir temporalmente a execución directa do servizo nos casos nos que o concesionario non os prestare ou non os poidera prestar, sexa por circunstancias imputabeis ou non ó mesmo (artigo 127 RSCL), como acontece no presente caso, que ante a falla de subministro de electricidade e auga faise inviábel o funcionamento do Mercado do Progreso, situación que ademáis pode acarrear un grave problema sanitario.

Sexto.- A competencia correspóndelle a Xunta de Goberno Local, conforme ó disposto no artigo 127.1.f LBRL.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Incoar expediente informativo á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado municipal do Progreso, ó obxecto de fiscalización da xestión e funcionamento do devandito servizo, e para poder determinar as causas que motivaron a situación actual e as medidas oportunas para subsanarla.

2º.- Outorgar á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo un prazo de 10 días a partir do seguinte á notificación do presente acordo, para que, á vista do expediente, poda formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus dereitos teña por convinte.

3º.- Adoptar a medida cautelar excepcional de asumir a execución directa do servizo do Mercado municipal do Progreso ata a substanciación do expediente informativo previsto no punto 1º, co fin de garantir a prestación do servizo de mercado.

4º.- Trasladar provisoriamente ó Mercado do Progreso, entanto dure a medida cautelar de execución directa do servizo de mercado, ós seguintes empregados municipais, co obxecto de que leven a cabo as funcións de vixianza e control das referidas instalacións municipais:

D. MANUEL JOSE DOCAMPO SOTELO, con categoría profesional de Xefe de mercados, actualmente adscrito ó servizo de Sanidade, ó que se lle encomendasn as máximas funcións de coordinación deste grupo de traballo.

D. JUAN A. BARREIRO VILA, coa categoría laboral de oficial de mercados, actualmente adscrito ó servizo de informática.

D. ALFONSO SANCHEZ DOMINGUEZ, coa categoría laboral de oficial de mercados, actualmente adscrito á área de acción social.

5º.- Aboar ós empregados municipais mencionados no apartado 4º a produtividade correspondente que retribúa a especial dedicación esixida como consecuencia deste traslado provisorio.

6º.- Dar traslado á Intervención Xeral deste Concello a fin de que polos servizos técnicos da mesma se leve a cabo a xestión económica e contable do mercado mentres dure a medida cautelar adoptada no presente acordo.

7º.- Dar traslado ás empresas subministradoras de electricidade e auga, interesando o restablecemento do servizo.”

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.